


# Onde acudir?

## 016

016 (Non deixa rastro na factura)

 600 000 016 ( WhatsApp)

016-online@igualdad.gob.es

www.igualdade.gob.es

O 016 funciona as 24 horas durante os 365 días do ano. Son expertas en violencias machistas, poden asesorarte sobre os teus dereitos, sobre os recursos dispoñibles próximos.



**112** Emerxencias

**091** Policía Nacional

**062** Garda Civil

## App Alertcops

A app **ALERTCOPS** permite enviar un sinal de alerta á Policía coa túa xeolocalización.



Información no Concello de Narón:  
981337700 ext.1108/1109



# Violencia machista:

Referímonos a un concepto de violencia que vai máis aló da violencia de xénero dentro do ámbito da parella ou exparella, tamén falamos de violencia sexual.

A violencia de xénero é a manifestación da discriminación, da situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres. Exerceuse sobre estas por parte de quen sexa ou fosen os seus cónxuxes ou de quen estea ou estivesen ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia.

As violencias sexuais son calquera acto de natureza sexual non consentido ou que condicione o libre desenvolvemento da vida sexual en calquera ámbito público ou privado, xa sexa na parella ou exparella e fóra dela, incluíndo o ámbito dixital.



## Por que te necesitamos? Por que é importante a túa resposta?

Porque a violencia machista non é un asunto privado, senón unha cuestión que nos atinxe a todas e a todos, tanto sociedade como institucións.

O que queremos trasladar é que como sociedade non toleramos ningún tipo de violencia. Dános igual o tipo e a esfera da vida na que ocorra. #Ante a violencia machista non mires para outro lado.

Trátase dun problema social de primeira orde, dunha vulneración de dereitos humanos e é, ademais, un delito público que se persegue de oficio polos operadores policiais e xurídicos aínda sen existir denuncia da persoa agaviada.

# Tipos de Violencia machista:

## ● VIOLENCIA FÍSICA

Consiste en causar ou tentar causar dano á muller, golpeándoa, propinándolle patadas, queimándoa, agarrándoa, beliscándoa, empuxándoa, dándolle labazadas, tirándolle do cabelo, mordéndoa, denegándolle atención médica ou obrigándoa a consumir alcol ou drogas, así como empregando calquera outro tipo de forza física contra ela. Pode incluír danos á propiedade.

## ● VIOLENCIA SEXUAL

Calquera acto de natureza sexual non consentido ou que condicione o libre desenvolvemento da vida sexual en calquera ámbito público ou privado, incluíndo o ámbito dixital.

## ● VIOLENCIA ECONÓMICA

Consiste en lograr ou tentar conseguir a dependencia financeira doutra persoa, mantendo para iso un control total sobre os seus recursos financeiros, impedíndolle acceder a eles e prohibíndolle traballar ou asistir á escola.

## ● VIOLENCIA PSICOLÓXICA

Consiste en provocar medo a través da intimidación; en ameazar con causar dano físico a unha persoa, á súa parella ou ás súas fillas ou fillos, ou con destruír as súas mascotas e bens; en someter a unha persoa a malos tratos psicolóxicos ou en forzala a illarse das súas amizades, da súa familia, da escola ou do traballo. Pode ter distintas variantes, como a emocional, que consiste en minar a autoestima dunha persoa a través de críticas constantes, en infravalorar as súas capacidades, insultala...

## ● VIOLENCIA DIXITAL

Trátase dunha forma de violencia de xénero que se exerce a través das tecnoloxías dixitais, das redes sociais ou de Internet. Entre elas, o ciberacoso é unha das máis características. Supón unha forma de limitación da liberdade que xera dominación e relacións desiguais entre homes e mulleres que teñen ou tiveron unha relación afectiva. Supón tamén unha dominación sobre a vítima mediante estratexias humillantes que afectan á privacidade e intimidade, ademais do dano que supón á súa imaxe pública.

## ● VIOLENCIA VICARIA

Trátase dunha forma de violencia que exercen os agresores contra os seus fillos e fillas co único obxectivo de facer dano ás súas parellas ou exparellas. A utilización dos fillos para continuar a violencia que se exerce cara ás exparellas é unha das formas máis extremas de violencia machista. En ocasións os maltratadores acaban matando os fillos ou as fillas. Trátase dunha violencia estendida e oculta

